

CONCELLO DE MUROS

PLAN DE PREVENCIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE MUROS

POSCOVID19
2 DE SETEMBRO DE 2020

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	1
CONTEXTO	2
ACCESO ÁS INSTALACIÓNS	4
MEDIDAS PARA MANTENER O DISTANCIAMIENTO SOCIAL E DE PREVENCIÓN	5
INFORMACIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS	9
LIMPEZA E DESINFECCIÓN DOS ESPAZOS	11
CONTROL DE CALIDADE DA AUGA	13
ANEXOS CARTELARÍA	14

1. INTRODUCCIÓN

A COVID-19 é a enfermidade respiratoria causada polo virus SARS-CoV-2, que todos coñecemos como coronavirus. Trátase dun dos setes coronavirus que poden infectar ás persoas, como o SARS (Síndrome Respiratoria Agudo Grave) e o MERS (Síndrome Respiratoria de Oriente Medio).

Esta familia de virus ten propiedades físicas e bioquímicas similares e rutas de transmisión comparables. O material xenético viral atópase envolvido en estruturas proteicas, chamadas cápsides.

Os virus divídense en tres grupos dependendo de se están rodeados dunha membrana lipídica externa (envoltos) ou non (non envoltos). A dificultade de eliminar o virus depende do grupo ao que pertencen. Os virus envoltos son máis fáciles de eliminar. O SARS-CoV-2, o virus responsable do COVID-19, é un virus envolto e, por tanto, é dos máis fáciles de eliminar.

Dadas as características e as vías de transmisión coñecidas para o SARS-CoV-2, no caso das piscinas, o bo funcionamento, mantemento e desinfección adecuada (por exemplo con cloro e bromo) de piscinas, jacuzzis ou balnearios deberían inactivar o virus que causa COVID-19. Isto implica que o principal risco das piscinas debido ao virus SARS-CoV-2 non é a auga.

Os dous principais riscos son as interaccións interpersoais sen respectar as distancias mínimas de seguridade e non realizar unha limpeza e desinfección adecuadas das superficies das zonas comúns.

Como se transmite o SAR-CoV-2?

- A vía de transmisión entre humanos considérase similar ao descrito para outros coronavirus a través das secrecións de persoas infectadas, principalmente por contacto directo con pingas respiratorias de máis de 5 micras (capaces de transmitirse a distancias de ata 2 metros)

- Polas mans ou os fómites contaminados con estas secrecións seguido do contacto coa mucosa da boca, nariz ou ollos (Información científica-técnica, Enfermidade por coronavirus, COVID-19, CCAES, abril 2020).

Por outra banda, o mantemento da piscina debe cumprir a lexislación vixente relativa aos criterios técnico-sanitarios aplicables ás piscinas.

Segundo a Organización Mundial da Saúde tamén se podería dar unha transmisión por aerosolización en espazos pechados ou en gotículas menores a 5 micras, como fonte de exposición secundaria.

Avaliación da transmisión

A transmisión de pingas ocorre cando unha persoa se atopa en contacto próximo (a menos de 2 metros) con alguén que presenta maioritariamente síntomas respiratorios (por exemplo, tose ou esbirros) e, por tanto, corre o risco de ter as súas mucosas (boca e nariz) ou conxuntiva (ollos) expostos a pingas respiratorias potencialmente infecciosas.

2. CONTEXTO

Tras o estado de alarma declarado en aplicación do RD 463/2020 do Ministerio da Presidencia para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a evolución dos indicadores establecidos nos criterios de valoración da capacidade estratéxica para o proceso de transición marca os ritmos de reapertura de sectores de maneira progresiva, nun camiño cara á “nova normalidade”, na que as actividades que se retoman necesariamente deben ir asociadas a medidas preventivas fronte á transmisión do SARS-CoV-2.

As conclusións e informe sobre a transmisión do SARS-CoV-2 en praias e piscinas do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC, 2020)¹, no relativo a piscinas indican que:

- A principal vía de transmisión do SARS-CoV-2 en praias, ríos, lagos e piscinas é a través de secrecións respiratorias que se xeran coa tose e cos esbirros e o contacto de persoa a persoa, polo que deben manterse as recomendacións xerais relativas a calquera outro lugar.
- En actividades recreativas, a infección por SARS-CoV-2 por contacto coa auga de condicións estándar para o baño, é moi pouco probable. Con todo, estas actividades xeralmente implican unha perda das medidas recomendadas de distanciamento social.
- En piscinas e spa, onde o uso de axentes desinfectantes está amplamente implantado co fin de evitar a contaminación microbiana das augas pola afluencia de persoas usuarias, a concentración residual do axente de desinfección presente na auga debería ser suficiente para a inactivación do virus.
- Naqueles casos nos que o ambiente das instalacións se mantén a temperaturas elevadas, como no caso das saunas e os baños de vapor, espérase que, debido á alta temperatura (> 60 °C), a supervivencia do virus sexa reducida.

Por tanto, tendo en conta que a principal vía de transmisión do SARS-CoV-2 é a través de secrecións respiratorias e o contacto próximo de persoa a persoa, os riscos asociados á COVID-19 en piscinas están relacionados fundamentalmente cunha perda das medidas de distanciamento social recomendadas e co contacto cos obxectos de uso común que poden servir de mecanismo de transferencia. As medidas necesarias para evitar a transmisión do virus son, ademais do adecuado tratamento e control da auga, o distanciamento social, o uso de máscara, o reforzo da hixiene de mans e respiratoria e a limpeza e hixienización da instalación. É importante a **concienciación colectiva e a responsabilidade individual**.

Tamén temos que ter en conta que a instalación deportiva na que se sitúa a piscina conta cos **seguintes espazos**:

- Sala de actividades dirixidas
- Sala de fitness ou de musculación
- Vestiarios individuais

2. CONTEXTO

- Vestiarios colectivos
- Vestiarios do persoal traballador
- Hall de entrada e carreiros
- Sala de máquinas de uso exclusivo por persoal autorizado
- Aseos
- Saunas
- Enfermería
- Sala de limpeza

3. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

Eliminaranse todos os accesos de contacto e substituiranse por elementos de control de contacto cero. As persoas usuarias abonadas deberán pasar o seu carné polo lector sen contacto con este.

Tomarase a temperatura ás persoas usuarias vía termómetro láser. Para levar a cabo esta medida de control, a persoa usuaria deberá prestar a súa autorización.

As persoas usuarias deberán desinfectar as mans nos dispensadores de xel hidroalcólico, así como o calzado nas bandexas desinfectantes.

Será obrigatorio o uso de máscara en toda a instalación agás no momento de realizar a actividade ou de ducharse.

A reserva de uso da piscina, clases dirixidas e sala de fitness ou musculación levarase a cabo vía telefónica.

Os pagamentos derivados do uso da instalacións e atendendo a súa ordenanza reguladora de prezos públicos non se poderán facer en metálico, co cal realizaranse a través de tarxeta de crédito ou aplicacións móbiles (NFC). Exclúense as cotas mensuais das persoas abonadas que se farán mediante o cargo na conta bancaria.

Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e a súa circulación.

Nun primeiro momento exclúese a apertura das salas de actividades e de fitness así como a sauna.

Establécese a seguinte táboa horaria nos vasos da piscina:

Quenda	Entrada	Entrada no vaso	Saída do vaso	Saída
1*	8:00 h	8:15 h	9:00 h	9:15 h
2	9:30 h	9:45 h	10:30 h	10:45 h
3	19:00 h	19:15 h	20:00 h	20:15 h
4	20:30 h	20:45 h	21:30 h	21:45 h

** De uso preferente para persoas maiores de 65 anos. Terán preferencia na reserva desta quenda durante a mañá do día anterior, se pola tarde do día anterior quedan prazas libres poderán ser reservada por usuarios/as doutras idades.*

4. MEDIDAS PARA MANTENER O DISTANCIAMIENTO SOCIAL E DE PREVENCIÓN

Medidas xerais:

Non acudir á instalación e informar de forma inmediata no caso de ter algún síntoma que poida ser compatible coa COVID-19, ou no caso de contacto con persoas infectadas.

O uso de máscara será obrigatorio en toda a instalación e só se poderá quitar no momento de realizar a actividade ou de ducharse. É importante gardala axeitadamente para evitar que adquira ou transmita o coronavirus.

Na recepción instalárase unha mampara para garantir a distancia de seguridade entre o persoal traballador e as persoas usuarias.

As persoas usuarias deberán manter a distancia interpersonal de 1,5 m, nos espazos comúns, e respectarán a sinalización para circular pola instalación.

Colocarase carteis no que se lembrarán ás persoas usuarias que manteñan boas prácticas de hixiene pública.

As persoas usuarias deberán desinfectar as mans no dosificador de xel hidroalcohólico á entrada da instalación.

Hixiene respiratoria (esberrar ou tusir contra o brazo co cóbado flexionado, uso de panos de papel e a súa eliminación tirándoo ao lixo).

Evitar o saúdo con contacto físico (non bicar, non abrazar, non dar a man, etc.)

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

Recoméndase vir sen carros, no caso de que sexa imprescindible seguirá as instrucións do persoal traballador.

A persoa usuaria deberá vir provista dunha bolsa ou caixa de almacenamento para a súa máscara.

4.1. Medidas de distanciamento social e de prevención nos vasos da piscina

Vaso grande:

Redución de aforamento: os carreiros serán ocupados por un máximo dunha (1) persoa e de tres (3) persoas no caso de convivintes. No caso de varios carreiros ocupados por convivintes estes distribuiranse de maneira que se encontren o máis distanciados posible.

Aforamento máximo: 10 persoas

Tempo máximo: 45 minutos ao día

4. MEDIDAS PARA MANTENER O DISTANCIAMIENTO SOCIAL E DE PREVENCIÓN

Acceso: 15 minutos antes do inicio da sesión

Saída: 15 minutos despois de finalizar a sesión

Recoméndase que as persoas usuarias se duchen na súa casa

Reserva previa vía telefónica o día anterior ao uso (ou no mesmo día se existen prazas libres)

Cada persoa poderá facer un uso máximo de 2 sesións á semana

Recoméndase o uso de gafas polos altos índices de cloro

Non estará permitido o préstamo de material deportivo

Vaso pequeno:

Reducirase o aforamento para manter a distancia de seguridade mínima de 2 metros entre persoas na lámina de auga.

Aforamento máximo: 6

Só poderá acceder 1 grupo familiar, persoa adulta + bebé ou persoa adulta + nena/o.

Tempo máximo: 45 min ao día

Acceso: 15 minutos antes do inicio da sesión

Saída: 15 minutos despois de finalizar a sesión

Recoméndase que as persoas usuarias se duchen na súa casa

Reserva previa vía telefónica o día anterior ao uso (ou no mesmo día se existen prazas libres)

Cada persoa poderá facer un uso máximo de 2 sesións á semana

Recoméndase o uso de gafas polos altos índices de cloro

Non estará permitido o préstamo de material deportivo nin de xoguets

Só poderá estar unha persoa na zona dos chorros

4.2. Medidas de distanciamento e de prevención para o uso da sala de actividades e na sala de fitness ou musculación

Serán publicadas no momento en que se realice a súa apertura.

4. MEDIDAS PARA MANTENER O DISTANCIAMIENTO SOCIAL E DE PREVENCIÓN

4.3. Medidas de distanciamento e prevención nos vestiarios

Vestiarios individuais

Promoverase o uso de vestiarios individuais

Alternaranse taquillas de maneira que se garanta a distancia mínima de seguridade.

Na zona de acceso previo aos vestiarios individuais establecerase unha distribución espacial para garantir a distancia de seguridade de polo menos 1,5 metros. As persoas usuarias deberán respectar os sinais no chan ou marcas similares que indiquen esta distancia.

Vestiarios colectivos

Reducirase o seu aforamento de maneira que se garanta a distancia de seguridade mínima de 2 metros entre persoas usuarias.

Alternaranse duchas con distancias mínimas de 2 metros.

Queda prohibido beber directamente das billas dos lavabos e promoverase o uso de botellas individuais

Usarase a máscara en todo momento agás cando a persoa usuaria se vaia duchar.

Alternaranse taquillas de maneira que se garanta a distancia mínima de seguridade.

Utilizarase unha porta de entrada e outra de saída para intentar evitar ao máximo os cruces entre persoas.

Vestiarios do persoal traballador

Garantirase a distancia de seguridade de 2 metros de non ser así farase o seu uso de maneira individual e por quendas.

4.4. Medidas de distanciamento e prevención do persoal traballador

As persoas traballadoras deberán usar a máscara en todo momento, agás cando se realicen tarefas de socorrista. Neste momento, o persoal traballador manterase nunha zona que asegure tanto o distanciamento como a visibilidade suficiente para o desempeño do seu traballo.

O persoal traballador tomarase a temperatura vía termómetro láser, esta medición pode realizarse no seu propio domicilio.

A limpeza do vestiario laboral realizarase diariamente con temperaturas superiores a 60 graos.

4. MEDIDAS PARA MANTENER O DISTANCIAMIENTO SOCIAL E DE PREVENCIÓN

O persoal traballador deberá respectar en todo momento os protocolos que se establezan e impartir a normativa de pautas a seguir ás persoas abonadas.

Evitar o contacto físico coa persoa usuaria (levar ás/aos nenas/os da man, correccións manipulando...)

Cada persoa traballadora, cando realice tarefas de socorrista, terá preparado o seu kit con luvas, máscara para desprazarse a outras zonas da instalación...

4.5. Medidas de distanciamento e prevención no uso de taquillas

Cada persoa usuaria deberá desinfectar a taquilla e a chave desta. Para iso, disporá de líquido desinfectante.

4.6. Medidas de distanciamento e prevención na enfermería

No caso de estar en contacto con algunha persoa usuaria por lesión extremaranse as precaucións de hixiene e protección, de maneira que será obrigatorio o uso de luvas e máscara.

Esta zona dividirase en zona limpa (almacenamento de material) e zona sucia (asistencias).

4.7. Medidas de distanciamento e prevención nos aseos

Usaranse os aseos de maneira individual en función do sexo e desinfectarase pola persoa usuaria unha vez rematado o seu uso.

As/os menores de 7 anos e as persoas con necesidades especiais poderán ir acompañadas por unha persoa.

Evitarase quitar a máscara ao ir ao baño, aínda que se estea só.

5. INFORMACIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS

Reforzaranse os carteis con mensaxes sobre as medidas preventivas ademais dos habituais para persoas usuarias de piscinas e complexos deportivos.

Mensaxes e cartelaría

A cartelaría debe ser visible e deberá facer referencia aos seguintes aspectos:

A. Antes de ir á piscina ou algunha das súas salas:

1. Se ten síntomas compatibles coa COVID-19, febre, tose ou síntomas respiratorios, non acuda á piscina.
2. Infórmese das condicións de uso, de acceso e aforamento.

B. Na piscina e no conxunto da instalación:

1. Manteña unha distancia de seguridade interpersoal de, polo menos, 1,5 metros e medidas alternativas de protección física con uso de máscara de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria coas persoas que non conviva, tanto na auga coma fóra.
2. Lávese e desinféctese as mans frecuentemente. Evite tocarse ollos, nariz e boca sen lavarse antes as mans.
3. Cúbrase a boca ao tusir e esberrar cun pano desbotable ou coa parte interna do cóbado.
4. Non comparta toallas nin outros obxectos persoais. Lave toallas e traxes de baño ao chegar a casa.
5. Siga as normas e recomendacións de uso da piscina e respecte as indicacións que se dean.
6. Se presenta síntomas compatibles coa COVID-19, síntomas respiratorios ou febre abandone a piscina canto antes e consulte co seu centro de saúde.

Actuación no caso de presenza de síntomas

No caso de que unha persoa usuaria, unha persoa traballadora... teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao SERGAS para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saudepublica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>) chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoién a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.

No caso de detección dun positivo por COVID-19 no entorno da instalación, deberanse

5. INFORMACIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS

seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. Deberá de procederse ao illamento nun local pechado, á colocación de máscara cirúrxica e aviso ao 061.

Finalmente, de estar en contacto estreito con outras persoas que puideran ter síntomas iguais ou semellantes aos do COVID-19 a unha distancia menor de 1,5 metros ou de ter compartido espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada pola COVID-19, é importante realizar un seguimento por se aparecen signos da enfermidade durante 14 días. En todo caso, seguirase en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

COVID-19 é unha enfermidade que se debe declarar obrigatoriamente ás autoridades sanitarias. No caso dalgunha dúbida ou sospeita pódese consultar a información facilitada polo servizo de saúde: <https://coronavirus.sergas.es/>

En caso de detección dun positivo no grupo de adestramento, dentro do persoal, persoas usuarias... deberá comunicalo de forma inmediata as autoridades sanitarias e informar o Concello de Muros por si fora necesario a adopción de algunha medida excepcional.

6. LIMPEZA E DESINFECCIÓN DOS ESPAZOS

6.1. Previo á apertura e consideracións xerais.

Levarase a cabo unha limpeza e desinfección profunda das instalacións previa á reapertura mediante persoal especializado e con produtos homologados mediante un documento que acredite o traballo realizado antes da apertura.

O persoal especializado deberá ter en conta que para que a desinfección sexa eficaz se require a previa limpeza do elemento/superficie a desinfectar.

Aprovisionar material de limpeza e hixiene para utilización polas persoas usuarias: rolos de papel, papeleiras e dosificadores de mans con xel hidroalcolico.

Aprovisionamento de material de sinalización e balizamento, así como os EPIs para o persoal traballador que estableza a normativa.

Instalación de información clara e concisa sobre as pautas de limpeza e as normas de comportamento, a través de carteis e sinalética de recursos, para minimizar o risco de contaxio, distribuídos por áreas da práctica deportiva, entrada, aseos, vestiarios e zonas principais de paso.

Formar ao persoal nos novos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas...) para garantir a súa seguridade e a das persoas usuarias.

Os equipamentos deportivos da instalación serán desinfectados con carácter previo á apertura.

Evitar tocar portas e resto dos equipamentos da instalación na medida do posible (manteranse as portas abertas con este fin sempre que se poida).

6.2. Limpeza da instalación

Limpeza e desinfección das zonas de estancia e de tránsito dos/as bañistas, polo menos 2 veces ao día, facendo especial fincapé nas zonas máis frecuentadas, vestiarios, aseos, administración, duchas e lavabos... utilizando para iso deterxentes para eliminar as sucidades incrustadas e presentes na superficie, seguido dunha adecuada desinfección, utilizando para iso desinfectantes virucidas segundo normativa sanitaria vixente.

Limpeza e desinfección do mobiliario utilizado polas persoas usuarias despois de cada uso.

Intensificarase a ventilación dos espazos pechados, tales como vestiarios, baños, botiquín e salas. Abriranse as portas e xanelas exteriores antes de realizar a limpeza e desinfección dos mesmos. É importante asegurar unha ventilación regular das instalacións, como mínimo de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.

6. LIMPEZA E DESINFECCIÓN DOS ESPAZOS

Apertura de portas e xanelas (cando sexa posible) que faciliten a ventilación dos espazos.

As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.

Levarase a cabo un programa de autocontrol que se vén aplicando nas instalacións con piscina inclúe un plan de limpeza e desinfección. Nesta situación de pandemia requirirase a aplicación deste plan con total exhaustividade, tendo en conta ademais que os produtos utilizados han de ser eficaces fronte a COVID-19.

Nos aseos, deberase verificar que, en todo momento, estean dotados de xabón e/ou solucións hidroalcolicas, papel desbotable e que dispoñen de papeleiras con tapa e pedal. Ademais, colocarse nun lugar visible (por exemplo, en espellos, parede frontal do lavabo) un cartel informativo co correcto lavado de mans.

7. CONTROL DE CALIDADE DA AUGA

7.1. Antes da apertura

Realizarase a limpeza e desinfección do vaso e do vaso de compensación, posta a piques dos filtros, bombas, dosificadores, sondas, analizadores, enchido do vaso, hipercloración, axuste dos niveis de desinfectante e PH e todas aquelas operacións necesarias para a posta a piques da instalación. Realizarase o control analítico inicial da auga dos vasos, para asegurar que a calidade da auga se axusta ao establecido no anexo I do Real Decreto 742/2013 polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas. Unicamente abriranse ao público tras comprobar que a auga resulta apta para o baño.

7.2. Tras a apertura

A calidade da auga do vaso controlarase segundo o disposto no Real Decreto 742/2013 polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas. Controlaranse os niveis de desinfectante residual, de maneira que, en todo momento, a auga do vaso e duchas deberá estar desinfectada e ser desinfectante.

Para maximizar a seguridade levarase a cabo un control exhaustivo de tres fases:


1. Regulación do PH
2. Desinfección
3. Medición constante do desinfectante residual

ANEXOS
CARTELARÍA


PISCINA MUNICIPAL DE MUROS

INSTALACIÓN SEGURA

VÓS, COMO USUARIOS/AS



SE TUS SÍNTOMAS
NON ACUDAS Á
INSTALACIÓN



RESPECTA A
DISTANCIA DE
SEGURIDADE



LAVA AS MANS A
MIÚDO




USO OBRIGATORIO DE
MÁSCARA



EVITA TOCAR OS
OLLOS, A BOCA OU O
NARIZ




USO RECOMENDADO
DE GAFAS NA
PISCINA POLOS
ALTOS NIVEIS DE
CLORO




PERMANECE NA
INSTALACIÓN
UN TEMPO MÁXIMO
DE 75 MIN.

NÓS, COMO INSTALACIÓN



RESPECTA A
DISTANCIA DE
SEGURIDADE




CONTROL DE AFORO



CONTROL DE
TEMPERATURA
NO ACCESO



ALFOMBRAS
VIRUCIDAS NOS
ACCESOS




XEL
HIDROALCOHÓLICO A
TÚA DISPOSICIÓN




SPRAY
DESINFECTANTE
A TÚA DISPOSICIÓN



RESERVA A TÚA
CITA POR TELÉFONO




NIVEIS DE
CLORACIÓN
RECOMENDADOS POLA
OMS



MAMPARA DE
SEGURIDADE EN
RECEPCIÓN

A VOSA COLABORACIÓN É ESENCIAL PARA FACER ACTIVIDADE FÍSICA DE MANEIRA SEGURA



ANTES DE ACCEDER Á PISCINA DEBES TER EN CONTA


VASO GRANDE

- Redución de aforamento: os carreiros serán ocupados por un máximo dunha (1) persoa e de tres (3) persoas no caso de convivintes. No caso de varios carreiros ocupados por convivintes estes distribuiranse de maneira que se encontren o máis distanciados posible.
- Aforamento máximo: 10 persoas
- Tempo máximo: 45 minutos ao día
- Acceso: 15 minutos antes do inicio da sesión
- Saída: 15 minutos despois de finalizar a sesión
- Recoméndase que a persoa usuaria se duche na súa casa
- Reserva previa vía telefónica o día anterior ao uso (ou no mesmo día se hai prazas libres)
- Cada persoa poderá facer un uso máximo de 2 sesións á semana
- Recoméndase o uso de gafas polos altos índices de cloro
- Non estará permitido o préstamo de material deportivo
- Ven provisto dunha bolsa ou caixa de almacenamento para a túa máscara

VASO PEQUENO

- Reducirase o aforamento para manter a distancia de seguridade mínima de 2 metros entre persoas na lámina de auga.
- Aforamento máximo: 6
- Só poderá acceder 1 grupo familiar, persoa adulta + bebé ou persoa adulta + nena/o.
- Tempo máximo: 45 min ao día
- Acceso: 15 minutos antes do inicio da sesión
- Saída: 15 minutos despois de finalizar a sesión
- Recoméndase que a persoa usuaria se duche na súa casa
- Reserva previa vía telefónica o día anterior ao uso (ou no mesmo día se hai prazas libres)
- Cada persoa poderá facer un uso máximo de 2 sesións á semana
- Recoméndase o uso de gafas polos altos índices de cloro
- Non estará permitido o préstamo de material deportivo nin de xoguetes
- Ven provisto dunha bolsa ou caixa de almacenamento para a túa máscara

A VOSA COLABORACIÓN É ESENCIAL PARA FACER ACTIVIDADE FÍSICA DE MANEIRA SEGURA



MANTÉN A DISTANCIA DE SEGURIDADE


PISCINA MUNICIPAL DE MUROS

ENTRADA

PISCINA MUNICIPAL DE MUROS


SAÍDA

PISCINA MUNICIPAL DE MUROS



RECOMÉNDASE O USO DE GAFAS NA PISCINA POLOS ALTOS NÍVEIS DE CLORO

PISCINA MUNICIPAL DE MUROS



DESINFECTA AS SUPERFICIES COAS QUE ENTRASTES EN CONTACTO

PISCINA MUNICIPAL DE MUROS